

...por ti

...porque ao facelo o teu consumo de auga pódese reducir considerablemente, véndose reflectido no teu recibo da auga e da luz (o 40% da auga que consumimos é quente).

...porque es unha parte importante da sociedade e dos ecosistemas; cun pequeno esforzo individual podes contribuír activamente á protección e mellora do medio que nos rodea en beneficio de toda a sociedade.

En que gastamos a auga no fogar...

Consumos estimados

Consumos Estimados	Consumo Habitual (INE-2004) (L/persoa-día)	Consumo Eficiente (L/persoa-día)
Baño/ducha	61	46
Inodoro	46	16
Lavadora	34	18
Cociña e bebida	20	13
Limpeza	10	7
TOTAL	171	100

Aforrar auga é importante...
...por todos

...porque, aínda que pareza que é un recurso abundante, **menos do 1% da auga do planeta é auga doce**, é dicir, apta para usos domésticos, industriais, comerciais ou agrícolas; pensemos tamén que hai máis de 1.200 millóns de persoas que teñen problemas de abastecemento ou carencia dela.

...porque a auga doce que utilizamos normalmente **procede dos ríos, dos lagos e do subsolo**; no medio natural debemos deixar auga para manter os ecosistemas e só debemos tomar a necesaria; debemos ser moi eficientes no seu uso.

...porque **reducindo o noso consumo tamén imos xerar menos augas residuais** e contaminaremos menos, polo que será máis fácil obter augas de mellor calidade para os nosos abastecementos e os nosos medios acuáticos estarán máis limpos.

...porque cun **menor consumo de auga gastaremos menos enerxía** en levala alí onde é necesaria e gastaremos menos enerxía en depurala.

www.riomandeo.com

Cada gota conta


Consellos de aforro de auga no fogar

mandeo
paraíso fluvial

Deputación de Coruña.
Alfárez Provisional nº 2. 15006 A Coruña
Tfno. 981 080 300

 **Deputación DA CORUÑA**

 **FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL**
Una manera de hacer Europa

 **mandeo**

Reduce

En xeral, podes cerrar levemente a chave de paso da túa casa; apenas notarás o cambio de presión e aforrarás moita auga.


No cuarto de baño



- En lugar de bañarche emprega unha ducha de 5 minutos para lavarte. Cerra a billa ao enxaboarte.

- Enche un caldeiro coa auga da ducha mentres agardas a que se quente. Logo poderás usala para fregar o chan, regar as plantas, etc.
- Utiliza un vaso para lavar os dentes. Non deixes a billa aberta.
- Enche moderadamente o lavabo para lavar a cara, as mans ou afeitarte.
- Podes reducir o volume de auga utilizado nas cisternas do váter, mantendo a eficacia da acción limpadora. A forma máis sinxela é a introdución de botellas cheas de auga (ou mellor area) ou baixando a boia.

Reduce o número de descargas ás necesarias.



O inodoro non é unha papeleira.

Na limpeza

- Utiliza o lavalouzas con carga completa.
- En caso de lavar a vaixela a man, enxaboa coa billa cerrada.
- Podes limpar as verduras e as hortalizas, así como outros alimentos, en recipientes con auga en vez de na billa. Ademais, podes reutilizar a auga empregada na cocción de verduras para regar as túas plantas.
- Non utilices o chorro de auga para arrastrar restos no vertedoiro. Recólleos e bótaos no caldeiro de lixo.
- Evita desconxelar alimentos baixo o chorro de auga.
- Garda unha xerra de auga na neveira e sempre terás auga fresca dispoñible.



- Emprega sempre a lavadora con carga completa. Utiliza programas curtos de lavado e evita o prelavado sempre que sexa posible.

No xardín




- Aproveita a auga de choiva para regar as plantas da túa casa.
- A rega en horas de baixa insolação e en días con pouco vento reduce as perdas por evaporación.

- Reduce as zonas de céspede. É o gran consumidor de auga do teu xardín. Podes empregar plantas tapizantes, ou pedras, así como plantas autóctonas que xa estean adaptadas ao teu clima.
- Evita regas innecesarias. Observa a climatoloxía e se non chove pode bastar cunha rega cada 3-4 días no verán, cada 15 no inverno.

Outros usos

- Lava o teu coche a man empregando un caldeiro ou nun lavadoiro de coches con reciclaxe de augas. Evita o habitual lavado con manguera.
- Varre o patio en lugar de baldear con auga ou empregar a manguera.



Lembra

- Revisa as túas instalacións localizando escapes con sistemas de detección. Repáraos ou comunica os escapes á túa compañía de augas.
- Observa se as túas billas ou o teu inodoro posúen escapes. Unha fuga nunha billa pode perder 30 l/día, un inodoro 150 l/día.

Renova

Instala billas monomando, en lugar dos habituais de ruleta, e colócalles perlizadores ou aireadores.

- Coloca redutores de caudal para as billas e para a ducha.
- Instala cisternas con menos capacidade.
- Introduce cisternas con dobre descarga ou con interrupción de descarga para a o teu inodoro.
- Compra lavalouzas e lavadoras eficientes, hoxe en día hai electrodomésticos con programas para funcionar con media carga e lavadoras con sonda de auga para reciclar a auga cando esta estea limpa.
- Introduce técnicas de rega óptimas, empregando microaspersores, goteo ou sudación cando sexa preciso.
- Introduce un circuito cerrado de depuración e un cobertor para a túa piscina. Poderás mantela sen renovar a auga durante moito tempo.

- Cerra a chave de paso se te vas máis dun día de casa.

- Fai un seguimento dos teus recibos da auga. Verás se as túas boas prácticas se reflicten nun menor consumo, por ti e por todos.